

O PROCESO DE CASCAR O APARELLO

A principios do século pasado existía unha práctica moi estendida entre as xentes do mar coñecida como "cascar o aparello". En moitas ocasións escoitei falar deste tema pero non foi ata fai pouco tempo que descubrín a que se referían realmente estes términos. Tamén teño escoitado falar dos "campos de aparellos" e tras mirar algunha fotografía antiga, decidín consultar entre os maiores e interesarme polo vivir mariñeiro da nosa vila.

Antigamente, en Cangas, a meirande parte das embarcacións de pesca tiñan a súa chabola particular, onde se gardaban os aparellos e cosíanse as redes. A actual rúa de Méndez Núñez era coñecida pola "rúa das chabolas", polo gran número de elas que alí había. Tamén o barrio do Forte concentraba boa parte das mesmas.

Polo que se refire ó proceso de cascar o aparello, primeiro hai que aclarar que as pezas eran de algodón e viñan en cor branca, polo que se facía necesario tinguilas con casca de pino (cortiza) para fortalecelas. Estas pezas proviñan principalmente das fiaturas catalanas como as casas "Fabra i Coats" ou "Hijos de Ramón Juliá". Para cascar o aparello eran necesarios os seguintes pasos: primeiro cocíase a casca nunhas caldeiras de cobre que había nas chabolas; logo, o líquido resultante, vertíase nun pilón no que se botaban as redes, sendo as mulleres as encargadas de pisalo para que se empapara e collera ben o tinte; por último, había que pasalas a outro pilón para escurrilas, e tapábanse con sacos.

Logo había que secalas, polo que se precisaba dos carros de bois, agora case esquecidos, para transportalas ós chamados "campos de aparellos". Estes campos estaban, repartidos por varios puntos da vila, sendo un dos máis coñecidos o da zona de Santiago Apóstol. Tamén había campos en Rodeira, na Retirosa, no chamado barrio de "Rotterdam", etc.. Hai que dicir que case todos estes terreos eran de propiedade particular, sendo alugados polos armadores, que eran os encargados de montar os tendais para o secado das redes. Finalmente, unha vez secas, voltaban a ser transportados nos carros ata o peirao, onde eran cargados novamente nos barcos.

Aínda que éste non pretende ser un tratado de rigor histórico nin científico sobre a casca dos aparellos, quizais axude a máis dalgún mozo a sorprenderse dos traballos artesanais que antigamente se realizaban.

(Non consta autoría)

(Publicado en "Festas do Cristo". Cangas, Agosto de 2001)